

**DA SESION CONSTITUTIVA CELEBRADA POLO PLENO
MUNICIPAL
- DIA 13 DE XUÑO DE 2015 -**

Marxe que se cita:

Concelleiros/as:

- 1.- ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ
- 2.- ADELINA CES QUINTÁNS
- 3.- HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
- 4.- XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
- 5.- TOBIAS BETANZOS REGO
- 6.- RAQUEL GARCIA ABUIN

- 7.- M^a VANESA MARTÍNEZ DURAN
- 8.- JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDI
- 9.- JOSÉ RICARDO BESADA GESTO
- 10.- ELISA BOUZAS VICENTE
- 11.- M^a JESUS GALBAN TEIJEIRO

- 12.- M^a DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
- 13.- FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
- 14.- BEATRIZ LAFUENTE PIMENTEL
- 15.- M^a DEMELSA IGLESIAS COLLAZO

- 16.- ANTONIO CASTRO CASTRO
- 17.- JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Patricia Fernández Pérez

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **12:30 horas** reúnen os/as señores/as Concelleiros/as electos/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión constitutiva da Corporación, de conformidade co establecido nos artigo 37 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e artigo 195 da Lei Orgánica 5/1995, de 18 de xuño, de Réxime Electoral Xeral.

Declarada aberta a sesión, a Secretaria do Concello explica que o obxecto da sesión que se está a celebrar é proceder á constitución do novo Concello de Rianxo e a elección do Alcalde, en base aos resultado electorais obtidos o pasado día **24 de maio**, data de celebración das eleccións para a renovación da totalidade dos membros das Corporacións Locais.

Explica que o **procedemento de constitución do Concello**, de conformidade co disposto na lexislación electoral vixente, implica a realización das seguintes actuacións:

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE
2. COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS
3. XURAMENTO OU PROMESA DOS CONCELLEIROS/AS E TOMA DE POSESION
4. ELECCIÓN DA ALCALDIA
5. XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DA ALCALDIA
6. DACION DE CONTA DO ARQUEO EXTRAORDINARIO E INFORME DE COMPROBACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS

A continuación a Secretaria pasa a dar lectura do artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 16 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos seguintes:

“1. As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se presentara recurso contencioso-electoral contra a proclamación de electos, constituíndose neste caso o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

2. A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o que o sexa da Corporación.

3. A Mesa comproba as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións que ó Concello remitira a Xunta Electoral de Zona.

4. Realizada a operación anterior a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fora o número de Concelleiros presentes”.

A Secretaria explica que, de conformidade con artigo citado vaise proceder á constitución da Mesa de Idade, que vai a presidir a sesión ata o momento en que, como consecuencia da elección, se proclame Alcalde e este tome posesión.

1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE .-

Sinalase que de acordo co previsto no artigo 195.2 da LOREG e artigo 37-2 ROF, integran a Mesa os electos de maior e menor idade.

Comeza o chamamento aos electos de maior e menor idade presentes para formar a Mesa de Idade, que será presidida polo maior, sendo Secretaria da Mesa a Secretaria desta Corporación. Así resulta:

MESA DE IDADE

Presidencia: D. JOSÉ RICARDO BESADA GESTO
Electo asistente de maior idade.

D^a Hadriana ORDOÑEZ OTERO
Electa asistente de menor idade.

Secretaria:
D.^a Carolina Costoya Pardo, Secretaria da Corporación.

2.- COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS.

Acto seguido dáse lectura pola Secretaria dos nomes e apelidos dos Señores/as electos/as como concelleiros que asisten á sesión, comprobadas pola Secretaria as credenciais presentadas coa acta remitida pola Xunta Electoral, figurando as seguintes no expediente desta sesión:

- 1.- ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SANCHEZ.- PRESENTADA
- 2.- ADELINA CES QUINTÁNS.- PRESENTADA
- 3.- HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- PRESENTADA
- 4.- XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA.- PRESENTADA
- 5.- TOBIAS BETANZOS REGO.- PRESENTADA
- 6.- RAQUEL GARCIA ABUIN.- PRESENTADA

- 7.- M^a VANESA MARTÍNEZ DURAN.- PRESENTADA
- 8.- JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDI.- PRESENTADA
- 9.- JOSÉ RICARDO BESADA GESTO.- PRESENTADA
- 10.- ELISA BOUZAS VICENTE.- PRESENTADA
- 11.- M^a JESUS GALBAN TEIJEIRO.- PRESENTADA
- 12.- M^a DEL CARMEN FIGUEIRA ARES.- PRESENTADA
- 13.- FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES.- PRESENTADA
- 14.- BEATRIZ LAFUENTE PIMENTEL.- PRESENTADA
- 15.- M^a DEMELSA IGLESIAS COLLAZO.- PRESENTADA
- 16.- ANTONIO CASTRO CASTRO.- PRESENTADA
- 17.- JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ.- PRESENTADA

Asemade a Secretaria informa que os/as electos/as en cumprimento do disposto no número 5 do artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, do 21 de abril, achegaron a ***declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como a declaración dos seus bens patrimoniais.***

Infórmaselles que caso de incorrer nalgunha incompatibilidade haberá de someterse a declaración plenaria, debendo o concelleiro en cuestión optar pola renuncia ao cargo de concelleiro ou á actividade que a ocasiona no prazo de dez días dende aquel momento.

3.- XURAMENTO OU PROMESA DOS CONCELLEIROS/AS E TOMA DE POSESIÓN

A Secretaria da paso ao punto de formulación do xuramento ou promesa de acatamento a Constitución legalmente esixido. Para estes efectos cada un dos/das electos/as a concelleiro/a, a medida que vaian sendo chamados, dirixiranse á Mesa a efectos de presta-lo seu xuramento ou promesa.

A Secretaria explica que o chamamento farase pola orde de maior a menor representación, quedando para o final os membros da Mesa de Idade, tomando posesión a vogal ante o Presidente, e este último ante a Secretaria.

A continuación procedeuse a presta-lo xuramento ou promesa legalmente esixido por cada un dos Sres/as. Concelleiros/as electos/as baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, que se reproduce a continuación:

“Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRO/A, con lealdade o Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

CONTESTANDO:

1.- ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SANCHEZ.- Promete por imperativo legal a fórmula esixida e engade o seu compromiso co Pobo de Rianxo: si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de Rianxo, do pobo galego e pola memoria de Castelao.

2.- ADELINA CES QUINTÁNS.- Promete por imperativo legal a fórmula esixida e engade: : si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de Rianxo, do pobo galego e pola memoria de Castelao.

3.- XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA.- Promete a formula legal.

4.- TOBIAS BETANZOS REGO.- Promete por imperativo legal a fórmula esixida e engade: : si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de Rianxo, do pobo galego e pola memoria de Castelao.

5.- RAQUEL GARCIA ABUIN.- Promete por imperativo legal a fórmula esixida e engade: : si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do Concello de Rianxo, do pobo galego e pola memoria de Castelao.

6.- M^a VANESA MARTÍNEZ DURAN.- Xura a formula legal

7.- JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDI.- Xura a formula legal

8.- ELISA BOUZAS VICENTE.- Xura a formula legal

9.- M^a JESUS GALBAN TEIJEIRO.- promete a formula legal

10.- M^a DEL CARMEN FIGUEIRA ARES.-promete a formula legal

11.- FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES.- promete a formula legal

12.- BEATRIZ LAFUENTE PIMENTEL.- promete a formula legal

13.- M^a DEMELSA IGLESIAS COLLAZO.-promete a formula legal

14.- ANTONIO CASTRO CASTRO.- Promete por imperativo legal a fórmula esixida

15.- JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ.-Promete a fórmula esixida

Por último, os membros da mesa de idade:

16.- HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- Promete por imperativo legal a fórmula esixida

17.- JOSÉ RICARDO BESADA GESTO.- Xura a formula legal

CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

Realizadas as operacións anteriores, a Mesa declara constituída a Corporación, ao concorrer a totalidade dos/das Concelleiros/as electos/as que figuran ao principio desta acta.-

4.- ELECCIÓN DA ALCALDIA.

A continuación procederase á elección do titular da Alcaldía.

O Presidente da Mesa cede a palabra á Secretaria co obxecto de que explique o procedemento a seguir para a citada elección.

Dáse lectura ó artigo 196 da LOREX, que establece o procedemento para a elección de Alcalde.

<<Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento.

- A) Poden ser candidatos tódolos Concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.*
- B) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.*
- C) Se ningún deles obtén esta maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate resolverase por sorteo.>>*

O artigo 19 da LBRL remite para a elección do Alcalde á lexislación electoral xeral. O artigo 40 do ROF en similares termos engade: *"... sen prexuízo da aplicación das normas relativas ao réxime das sesións plenarias do concello"*.

Así as cousas a LBRL en relación aos sistemas de votación dedica o artigo 46.2.d), que apunta unicamente as votacións ordinarias, isto é, a man alzada, e as nominais previo chamamento nos casos establecidos.

A secretaria pregunta aos efectos de presentar as correspondentes candidaturas:

Á lista do BNG: PRESENTASE

Á lista do PP: PRESENTASE

Á lista do PSOE: RENUNCIA

Á lista de SON: RENUNCIA

Quedan PROCLAMADAS AS CANDIDATURAS SEGUINTE:

- Polo BNG: D.^a Adolfo Fco. Muíños Sánchez.
- Polo PP: María Vanessa Martínez

A continuación sométese a votación do titular da Alcaldía, advertíndose que non se pode votar mais que unha vez, sendo o resultado o seguinte:

- Votos Candidato do P.P.: cinco (5 concelleiros da lista do PP)
- Votos Candidato do BNG: dez (10) (6 concelleiros da lista do BNG e 4 concelleiros da lista do PSOE)
- Abstencións: dous (2 concelleiros da lista de SON)

En consecuencia, por acadar a maioría absoluta de concelleiros desta corporación (10 de 17) queda proclamado Alcalde do Concello de Rianxo o Concelleiro candidato da lista do BNG, D. Adolfo Francisco Muíños Sánchez.

5.- XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE

A Secretaria indica que a continuación procederase a **toma de posesión** de D. *Adolfo Francisco Muíños Sánchez*, como novo Alcalde do Concello de Rianxo, mediante a lectura de fórmula legal de xuramento ou promesa de acatamento a Constitución.

"Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de ALCALDE, con lealdade o Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado". e engade: : si prometo, por imperativo legal. E comprométome a defender os intereses xerais do concello de Rianxo, do pobo galego e pola memoria de Castelao.

A Presidencia faille entrega do Bastón de mando e lle indica que proceda a ocupar a Presidencia da sesión, incorporándose os membros da mesa aos seus lugares de concelleiros.

O Alcalde toma a palabra para pronunciar o seu discurso:

<<Agradecemento aos veciños e veciñas co seu voto expresado nas eleccións municipais o pasado 24 de maio posibilitan estar aquí e volver despois de catro anos a encomendarnos a tarefa de responsabilidade que é dirixir o goberno de Rianxo nun novo mandato. As urnas

falaron democraticamente e nos asignaron ás diferentes forzas un papel que debemos exercer con dignidade conscientes do seu significado.

Mais sempre e agora máis se cabe, é preciso que non remate a participación veciñal co voto e se abran espazos para maior contacto, diálogo coñecemento, control, e incluso toma de decisións. Novas canles para a participación veciñal nos asuntos públicos.

No remate deste proceso electoral todos os veciños e veciñas, con independencia do que votaran, teñen os mesmos dereitos para demandar servizos, actuacións, e teremos por tanto que poñer en marcha os mecanismos, algúns xa impulsados neste mandato, para que así sexa.

Entendemos tamén que a sociedade galega en xeral, e o pobo de Rianxo en particular mandou unha mensaxe de diálogo, de obriga a buscar acordos na procura dar estabilidade e solidez á acción de goberno. Nas próximas datas comezará esa tarefa, porque isto é un barco que non se goberna só, que precisa patrón sí, mais tamén unha boa tripulación que o arroupe senón tórnase inútil.

Por iso tamén quero lembrarme e que nos lembremos todos e todas de compañeiros e compañeiras desta corporación que xa non están e que realizaron nestes anos un grandísimo servizo público. Especialmente Carlos Gey, que foi primeiro tenente de alcalde e hoxe de seguro estaría conosco nesta sesión. E tamén de Marité Sobradelo, polo pasamento do seu home que quixeramos ter conosco tamén. Por eles lembranza agarimosa e forte aperta aos seus familiares.

E recoñecemento para todos e todas os que como concelleiros deron o seu tempo, un ben impagábel, ao servizo da causa común de todos. Nos tempos nos que se quere lixar a palabra política esta debe ser invocada pois tampouco nada se resolve sen ela. A solución aos problemas está na política, escrita con boa letra e executada por veciños e veciñas implicados no benestar común.

Felicito persoalmente e todos e cada un dos novos concelleiros e concelleiras que vos comprometedes e animades a entregar tamén o voso tempo, o voso esforzo nesta nova andaina. Todos imos ter un papel principal que desempeñar, desde o goberno á oposición. Que sigan presidindo a tolerancia, o diálogo os debates nesta casa.

Continúan tempos difíciles, mentres safa a banca e os grandes especuladores, os problemas da xente agardan: un milleiro de veciños e veciñas, especialmente mozos e mozas, sofren o desemprego e debemos implicarnos na procura de solucións. En parte non está nas nosas mans, mais sí podemos abrir canles e crear condicións que favorezan iniciativas xeradoras de emprego, desde o polígono industrial ao emprendemento.

Tamén recuperar ilusión, nada gañamos instalándonos na complacencia ou no negativo. Rianxo ten unha marca recoñecida, respectada por todo o país, non só por ser berce de Castelao, Dieste, Manuel Antonio, Brea Segade ou Faustino Rey Romero, Arcos Moldes, ou tantos outros persoeiros da cultura vivos que nos fan un referente da cultura galega e do idioma do país.

Mais tamén polos seus produtos, a xouba, o mexillón. Crer en Rianxo, nas potencialidades produtivas, comerciais, turísticas, naturais, urbanísticas. Aquí pódese vivir moi ben, creámolo nós tamén. E axudemos desde o concello a xerar un espírito colectivo de esperanza, de ilusión e de esforzo por saír adiante, por impulsar esa marca, Rianxo.

Temos importantes asuntos por diante, equipamentos de benestar que seguir a reclamar a outras administracións desde o franco diálogo e desde o respecto mutuo e á xente de Rianxo. Un avance nas instalacións de saneamento comprometidos impulsados polos fondos europeos, unha posta ao día da rede de estradas e equipamentos de lecer e educativos, unha aposta por novas fórmulas de xestión de servizos municipais, do plan urbanístico que nos poña no século XXI. Non hai varas máxicas, só traballo, rigor, compromiso, diálogo coa veciñanza e coas forzas políticas que aquí estamos saídos das eleccións.

Hai catro anos dicíamos que esta casa que é a casa común de todos e todas: debería ser aberta, transparente, cunha administración amábel, atenta e dilixente coa xente e coas asociacións que encontraron sempre as portas abertas. Queremos seguir traballando para iso. Mais engado unha característica máis: esta casa está para defender as causas xustas. O noso xeito, a nosa pesca, dos preferentistas, aos emigrantes retornados dos defensores do público ou dos desafiuzados. Está tamén para ser refuxio e voz altafalante dos problemas das persoas. Non imos renunciar a isto.

Recibimos un bastón de mando, símbolo do poder municipal pero sobre todo símbolo de que estamos de prestado, o bastón pasa de man a man e el segue, o pobo segue, mentres nós marchamos, antes ou despois. O pobo, quen máis ordena, o sábado 24 de maio repartiu as súas encomendas e deu hoxe novamente esta tarefa ao BNG. Con humildade recollo este mandato e con humildade agardo devolvelo ao remate deste mandato. Viva Rianxo!>>

6.- DACION DE CONTA DO ARQUEO EXTRAORDINARIO E INFORME DE COMPROBACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS.

Para rematar a sesión, o Sr. Alcalde, da paso á Secretaria neste asunto que di que consta no expediente a documentación relativa ao arqueo extraordinario e a situación do inventario de bens, de conformidade co art. 36 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

De conformidade co artigo 36 ROF, elaborouse pola titular da Secretaria xeral, un informe relativo a situación do Inventario, no que conclúe:

<<CONCLUSIÓN

De acordo co exposto despréndese que, mediante sucesivos acordos plenarios, ou sentencias xudiciais ten sido modificado ó longo do tempo o documento denominado INVENTARIO MUNICIPAL, pero sen que en ningún caso esas modificacións ser recolleran no documento, algo, por outra parte, difícil de levar a cabo habida conta do seu formato.

Para estes efectos debe subliñarse a necesidade de proceder a unha pronta solución desta situación, que, en definitiva, non permite ter un coñecemento claro dos bens que pertencen a Corporación a efectos da súa protección, uso, cesión ou alleamento.

En parte comezouse neste ano 2014 á contratación dos traballos que permitan regularizar e actualizar o Inventario do Concello no que se refire a viais, mais tamén debe facerse do resto do patrimonio, axustándose ás previsións regulamentarias (polo volume de traballo que implica dita actualización, estímase que os servizos municipais non poden asumir dita tarefa axeitadamente), para o cal é preciso habilitar a oportuna consignación orzamentaria. No caso de materializarse dito traballo, sería preciso a aprobación plenaria do mesmo e a inscrición inmediata de tódolos bens (inscribibles) no Rexistro da Propiedade, procedéndose, a partir de esa actualización ou renovación, a efectuar as rectificacións anuais oportunas, coa necesaria coordinación cos servizos de Intervención.

*Do contido do presente informe pódese concluír que **non resulta posible por esta Secretaría tomar as medidas precisas para que o día de constitución da nova Corporación se poida efectuar a comprobación a que se refire o artigo 36 do ROF**, sen prexuízo de que o Pleno da Corporación, en base as competencias que lle outorga o Regulamento de Bens, decida o que estime oportuno..>>*

Por outra banda, pola Interventora de Fondos Municipais, elaborouse a acta de arqueo esixida pola normativa, e cuxo contido é o seguinte:

ACTA DE ARQUEO ÁS 14:00 H. DO DÍA 12/06/2015, POR CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN

SALDOS BANCARIOS		
ENTIDADE	IBAN	SALDO
CAIXABANK	ES68 2100 4694 91 0200019992	7.166,10
CAIXABANK	ES97 2100 4694 90 0200083636	0,00
CAIXABANK	ES98 2100 4694 96 0200006500	419,88
BANCO PASTOR	ES78-0238-8197-5406-6000-0576	0,00
BANCO PASTOR	ES73-0238-8197-5306-6000-0369	327,07
BANCO PASTOR	ES38-0238-8197-5606-6000-0173	46,88
BANCO PASTOR	ES93-0238-8197-5506-3000-0139	524,74
ABANCA	ES80-2080-0310-5531-1000-1032	4.418,80
ABANCA	ES52 2080 0310 52 311000-0131	11.827,01
ABANCA	ES75 2080 0310 54 3110000104	17.553,41
ABANCA	ES98 2080 0310 50 3110001050	77.620,29
BANCO SANTANDER	ES33 0030 6157 19 0897133271	2.221,79
BANCO SANTANDER	ES02 0049 2933 20 2914022451	136,02
BANCO SANTANDER	ES86 0049 2933 29 20140022876	0,00
BBVA	ES86-0182-5947-1402-00150711	239.391,47
BANKINTER	ES68 0128 0110 2101 0004 1772	35.839,48
BANKINTER	ES71 0128 0110 2501 0004 2395	2.978,93
SABADELLGALLEGO	ES56 0081 2197 15 0001089310	0,00
		400.471,87
SUBTOTAL		393.305,77
SALDOS CAIXA EFECTIVO		
Anticipo de caixa fixa Rosa M. Rey Romay		800,00
Anticipo de caixa fixa Rosa M. Rey Romay		600,00
Anticipo Caixa fixa de Gabriel Bermúdez Piñeiro		3.095,69
SUBTOTAL		4.495,69
SALDOS VALORES		
Avais bancarios		531.256,09
SUBTOTAL		531.256,09
TOTAL		929.057,55

Rianxo, a 12 de xuño de 2015

A interventora,
Patricia Fernández Pérez

A Tesoureira,
Paloma Caínzos Orduna

O Alcalde saínte,
Adolfo Muíños Sánchez

O Alcalde entrante
Adolfo Muíños Sánchez

O Alcalde pecha a sesión convidando aos veciños e veciñas asistir ás sesións do pleno corporativo o último xoves de cada mes.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13:10 HORAS, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde-Presidente.

A Secretaria.

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo.